

PROGRAMA DE ACTIVIDADES MAIOS 2024

(do 1 ao 5 de maio)

Dende o mércores, día 1 de maio: atraccións de feira no leira-aparcadoiro ao lado do Centro Cívico.

Dende o venres 3 ata o domingo 5: instalación de **A Terraza dos Maios** e a *food track* de **Misco Midas** na praza de Fernando Miramontes. Bebida e comida durante os concertos.

PRE_MAIOS. (do 26 a 30 de abril)

VENRES 26 DE ABRIL

20.00 H. CENTRO CÍVICO. INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN CERÁMICA: “Maíos de auga, terra, ar e lume” de Carme Romero e Francisco Pérez Porto.

21.00 H. LOCAL S.R. Y D. CANIDO. Cea Muíño do Vento. Celebración 50 anos da revolución dos Cravos. Actuación musical de Abril Fado Atlántico.

SÁBADO 27 DE ABRIL

12.00 H. HORTA COMUNITARIA. Segundo Agrocabaré en pro da financiación dos proxectos agrohorticulturais.

13.00 H. CENTRO CÍVICO. SEMANA XVI DE POESÍA SALVAXE “A palabra encarnada”.

DOMINGO 28 DE ABRIL

11 H. CENTRO CÍVICO. SAÍDA DA MARCHA CICLISTA POPULAR. ORG. CONCELLO DE FERROL.

MARTES, 30 DE ABRIL

17 H CENTRO CÍVICO. OBRADOIRO DE MAIOS

MÉRCORES, 1 DE MAIO

11 H-20 H PRAZA F. MIRAMONTES. MERCADO POPULAR DE 2ª MAN, ARTESANÍA E ANTIGÜIDADES.

12 H- 17 H CENTRO CÍVICO. MERCADO DO DISCOS. Pinchadas, concertos e petiscos.

13 H XARDÍNS DE R. UCHA. OBRADOIRO DE MAIOS en familia.

18 H LOCAL S.R. Y D. CANIDO. MERENDOLA INTERXERACIONAL

19 H LOCAL S.R. Y D. TUNACUARENTUNA

XOVES, 2

17 H CENTRO CÍVICO. OBRADOIRO DE MAIOS

20 H LOCAL S.R. Y D. PRESENTACIÓN DO LIBRO “Branco xiz tirando a negro” de XM Felpete. + Pezas da Corral Poliafónica. Presentan a actividade: Juanín Ares e María Solloso

VENRES 3

12 H PARQUE ANTÓN VARELA, PRAZA DE FERNANDO MIRAMONTES E XARDÍN DE RODOLFO UCHA. XOGANDO NA RÚA. Exhibición de xogos tradicionais polo alumnado do IES Canido, CEIP O Cruceiro e Colexio San Rosendo.

18 H XARDÍN R. UCHA. CANTABAILA DAS CORES (familiar). Espectáculo teatralizado con animación musical. xogos e bailes.

20 H HORTA COMUNITARIA. CONCERTO. A Banda da Horta, xente do barrio facendo música.

21 H PRAZA DO CRUCEIRO. CONCERTO: **FARRAPOS DE GHAITA.** Banda da comarca de Ferrolterra do ano 2017, que aposta pola creación propia e viaxa por diferentes estilos coma o Ska, reggae, pero sobre todo folk e o rock, conseguindo unha mistura de música tradicional que xunto co toque de humor das nosas letras describen perfectamente o que son, un grupo de raíz galega. Formada por: Alén Blanco (voz e guitarra eléctrica), Dani Rodríguez (batería), Víctor Vilariño (baixo eléctrico), Nerea P. Carballeira (percusión tradicional), Javi Lamas (guitarra eléctrica) e Raúl Pérez (gaita e frutas).

22.30 H PRAZA F. MIRAMONTES. CONCERTO: **KEEPERS.** É banda rock/metal da comarca de Ferrolterra, creada no verán de 2022 e que antes de cumprir o seu primeiro aniversario, fixo historia ao ser o grupo máis novo en actuar no RESURRECTION FEST, cunha media de idade de 15 anos. Está formada por: - Ari (15 anos): voz, piano e keytar; Adri (14 años): guitarra; Azalea (20 anos): baixo; Iker (15 anos): guitarra e Dani (17 anos): batería.

SÁBADO 4

11 H CENTRO CÍVICO. INVENTA UNHA FLOR. ORGANIZA Muíño do Vento.

12 H XARDÍN R. UCHA. EXHIBICIÓN ACTIVIDADES REGULARES DO CENTRO CÍVICO.

13 H PRAZA F. MIRAMONTES. SESIÓN VERMÚ: **VANE'S BAND.** Grupo de Ferrol, reunidos cun único obxectivo: recadar fondos para a loita contra o cancro, na honra a Vanesa López, que faleceu por un linfoma de *Hodgkin* en agosto do 2022 aos 23 anos. A banda ofrece un repertorio de versións de pop e rock moi variado. Esta compossta por: Ángela Arias (batería,) Jacobo Vilariño (baixo), Asier Garcia (guitarra), FredyRocker (voz e guitarra), JaviJet (voz e guitarra), Bea Orjales (voz), Ruth Fernandez (voz), Roberto Gago (voz).

14.30 H PRAZA DO CRUCEIRO. SESIÓN VERMÚ: **TRANSFUSSION SOUND** Grupo musical formado en San xurxo no ano 2014, que mistura diversos estilos como reggae, blues ,rock ... o forman: Javier Blanco (batería), Alberto Ramos (guitarra e voz), Pepe Ferrer (baixo) e Andrés Ferrer (guitarra e voz).

16.30 H CEIP CRUCEIRO. Fútbol sala, biberóns, prebenxamíns e benxamíns da SRD Canido.

18 H XARDÍN R. UCHA. FAMILIAR: TALLER INTERACTIVO "OS MAIOS". Música ao vivo para aprender a Copla dos Maios, percusión natural e o baile da roda (recuperando tradicións).

20 H HORTA COMUNITARIA. CONCERTO ACÚSTICO: **AMLENNE.** Desde os 14 anos, estiven inmersa no mundo da música, escribindo letras e compoñendo melodías que reflicten as miñas experiencias e emocións. A miña viaxe como cantautora foi unha montaña rusa de creatividade, desafíos e descubrimentos. Cada canción que escribo é unha parte de min, unha historia que comparto co mundo e que espero que ecoe nos corazóns de quen me escoita. A miña paixón pola música impúlsame a seguir creando e compartindo a miña arte.

21 H PRAZA DO CRUCEIRO. CONCERTO: BITER CANS. Nace no verán de 2018 da fusión de dous grupos anteriores cun elo común, o guitarrista, Andrés, ao que acompañan nesta formación Javi á batería, Dani ao teclado, Fran ao baixo e Luísa á guitarra acústica e á voz.

22.30 H PRAZA F. MIRAMONTES. CONCERTO: MALDITOS PENDEJOS. Banda formada en 2014 por tres músicos curtidos en mil batallas procedentes de grupos como *Five Strings Band*, *Los Sonicos* o *Emanems Band Rockandsoul*. Nun principio foi unha banda de versións, pero coa intención de gravar a súas propias cancións e así chegaron o seus dous discos: "*El Puto Rock & Roll*" e "*Revivir*". Dende o seu inicio o grupo está formado por: Tony Torres (Guitarra e voz), Octavio García (baixo) e Cristóbal Castro (batería).

DOMINGO 5

11 H- 16 H PRAZA DA TAFONA. TOLDO DA TAFONA. Integra festa e compromiso cos empobrecidos, onde o barrio se expresa abertamente como lugar de acollida. Veciñanza compartindo un presente e un futuro mellor cos máis febles sen perder o espírito festeiro.

- ACTUACIÓNS MUSICAIS: 12.00 h GRUPO DE PANDEREITEIRAS E CANTAREIRAS DO OBRADOIRO DE MUÍÑO DO VENTO + 12.30 h OS JOTAS + 13.00 h TREBOEIRAS DE CANIDO.

13 H PRAZA F. MIRAMONTES. SESIÓN VERMÚ: GREY CITY FUNK. É un bulebole de sonoridades, emocións en positivo e cores harmónicas. A súa paleta estilística vai máis alá do *funk*, cun son característico, orgánico e arraigado na tradición, mais con frescura e enerxía actual. A banda ofrécenos unha experiencia musical evasiva, eufórica e rexeneradora. Inspirados na iconografía *surfeira* e co ampla influencias das músicas negras americanas. Está composta por: Endorfino L (guitarra), Panetman (batería), Johnny Fingers (teclado) e Beni B (baixo).

14.30 H PRAZA DO CRUCEIRO. SESIÓN VERMÚ: NIMBOS. É un grupo de música en galego con base tradicional que bebe de diferentes estilos, dende o folk galego a músicas tradicionais doutros países. A formación clásica e de jazz dos seus compoñentes, sumada con anos de estudio e formación da música e do baile tradicional, vese reflectida nun directo de desfrute para todos os públicos e no que a agrupación ten unha grande implicación en que a maioría dos temas sexan bailables, estando así sempre presente a nosa tradición. Está formado por: Mario (contrabaixo), Álvaro (guitarra acústica), Antía (gaita, frauta e voz), Xalo (acordeón) e Diego (tambor, bombo e caixón).

15 H COMIDA VECIÑAL NAS RÚAS. En Alegre, Xardíns de R. Ucha, Praza do Cruceiro, Alonso López, Lili...etc.

17 H PRAZA DO CRUCEIRO, itinerante. CANTABERNEIROS. Son un grupo de músicos, que no ano 2021 deciden iniciar este proxecto para a recuperación da música tradicional, centrada na zona Norte de Galicia e nos cantos de taberna. Está formada por: Xoán Padín (voz e percusións), Xulio Saians (voz e percusións), Diego Chao (voz e percusións), Emilio Romero Fabal (voz e percusións) e Jorge Vázquez (acordeón).

18 H PARQUE ANTÓN VARELA. UBUNTU. Xogos e obradoiros. actividades, lúdicas i educativas, de promoción da sustentabilidade. Descubrimento, Destreza, Itinerario circense...Xogos tradicionais E XOGOS POLA DIVERSIDADE CON MOBILIDAD HUMANA e XOGOS INTERNACIONAIS CON XERACIÓN.

FIN DA FESTA DOS MAIOS...